


PEZA DO MES

decembro

2013



**PESOS DE REDE
CONXUNTO ARQUEOLÓGICO-NATURAL SANTOMÉ**



ESTRUTURAS DA CROA DO CASTRO

Pesos de rede

Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé

Conxunto de cinco pesos elaborados en chumbo, cuxas dimensións varían entre os 3 e os 3,4 cm de lonxitude, 1,4 e 1,6 cm de largo, 1,2 e 1,4 cm de grosor e os 0,4 e 0,6 cm de diámetro do orificio interno. O peso oscila entre 24,8 e 28,4 g. Todas as súas características permiten incluílas entre as pesas de chumbo ocas, elaboradas a partir dunha lámina dobrada sobre si mesma xerando unha sección en U. Os pesos de chumbo están ben documentados na Península Ibérica, sendo os máis antigos os procedentes de factorías púnicas. En época romana alcanzan practicamente toda a Península, manténdose na antigüidade tardía.

Trátase, sen lugar a dúbidas, de lastres usados na pesca con rede, que veñen substituír os pesos de pedra, no que representa un avance significativo ao permitir unha maior regularidade e peso por unidade, adaptándose facilmente á corda, e conseguindo máis peso con menos volume, polo que se asegura así un comportamento uniforme da parte inferior da rede. Neste caso concreto, dado as súas dimensións, pesos e diámetro do orificio dos lastres, debéronse usar con redes de pequeno tamaño. O estudo destas pezas posibilita aproximarnos a unha actividade económica tan importante como é a pesca.

Un axeitado acercamento ao estudo da actividade pesqueira na antigüidade require dunha análise obxectiva da realidade histórica, baseada fundamentalmente tanto no estudo das fontes indirectas, textos clásicos e iconografía, como no rexistro arqueolóxico representado polos restos materiais orgánicos e inorgánicos, basicamente vestixios de instrumental pesqueiro e desperdicios de fauna. Só un estudo converxente dos diferentes aspectos facilitará unha aproximación ao coñecemento desta actividade.

Unha atenta lectura dos textos clásicos fornece datos que van axudar a reconstruír diferentes aspectos da pesca antiga. As primeiras referencias atopámolas en textos literarios, sobre todo en diferentes pasaxes da *Odisea* e *Iliada* de Homero, que se deben valorar na súa xusta medida, pois están relacionadas co mito e con explicacións a científicas dos fenómenos naturais. A obra de Opiano, *Halieutica* ou *Sobre a pesca*, constitúe unha das fontes historiográficas máis interesante. Redactada cara a finais do goberno de Marco Aurelio, como poema didáctico en cinco libros, recolle unha variada información sobre artes de pesca e sobre especies, proveniente tanto de lecturas, sobre todo de Ovidio, como das propias observacións directas, pois era orixinario de Cilicia, área de grande actividade pesqueira. As achegas de Opiano vense fornecidas polas informacións de Eliano en *De Natura Animalium*, onde recolle diferentes métodos na captura de peixes.

Marcial comenta a cría de peixes en piscinas, así chamadas por utilizarse como viveiros de peixes, e Columela describe a forma de construílas. Non debemos esquecer a obra do gastrónomo Marco Apicio que lle dedica os libros IX e X ao mar e ao peixe, respectivamente, na súa obra *De re coquinaria*. Para unha etapa máis tardía resulta de interese a obra de Isidoro de Sevilla, *Etymologiarum*. O coñecemento das artes de pesca tradicionais apóiase principalmente en obras da época ilustrada.

Xa desde as súas primeiras manifestacións, as fontes iconográficas, como poñen de relevo escenas da arte exipcia do III milenio, fixéronse eco dos temas pesqueiros, dos que coñecemos importantes exemplos de época romana, sobre todo en pintura e mosaico, que nos ilustran sobre a representación da auga, das especies, aparellos e técnicas de pesca.

No que respecta ao estudo do instrumental pesqueiro na antigüidade, representa unha liña de investigación recente, pois historicamente, como aconteceu con outros aspectos da vida cotiá, a falla de monumentalidade dos restos conservados, fixeron que pasaran desapercibidos para os investigadores; é a partir de agora cando se comezan a realizar estudos de aproximación desde unha visión tipo-cronolóxica. Por outra banda, o rexistro arqueolóxico relacionado coas artes de pesca é en gran medida opaco, debido ao carácter perecedeiro do material e a pouca variedade dos aparellos; os restos de urda conservados son practicamente inexistentes, polo que para o seu estudo, os vestixios arqueolóxicos máis abundantes son pesos para lastrar as redes.

A análise dos restos faunísticos é moi importante para poder obter hipóteses concluíntes sobre a actividade pesqueira, pero os vestixios óseos de peixes son difíciles de documentar no rexistro arqueolóxico, pois, dadas as peculiares características dos seus tecidos esqueléticos, resultan habitualmente descompostos nos sedimentos.



HADRUMETUM. MOSAICO DO HIPOXEO DE HERMES

Os lastres, procedentes do conxunto arqueolóxico-natural de Santomé, foron documentados na croa do castro, no interior dunha construción de esquinas redondeadas, correspondente á primeira fase de ocupación do asentamento castrexo, que se mantivo en uso ata o abandono do castro a mediados do século II d. C. O feito de que apareceran na primeira capa, entre o derrubo pétreo, pode deberse a que a rede da que formaban parte puido estar pendurada dunha das paredes, e non apoiada sobre o pavimento de uso da vivenda.

Estas pesas, polo seu reducido tamaño e peso, pónense en relación cunha arte de pesca coñecida como esparavel ou chumbeira, á que os romanos denominaban *funda* ou *iaculum*. O procedemento consiste na utilización dunha rede cónica, de manexo individual, para lanzar, cunha corda no vértice para enrolar no brazo, e unha relinga con chumbos na base, dobrada cara dentro, para facer as bolsadas con peixes. O pescador sitúase na beira, nunha embarcación ou dentro da auga, pero sempre en cursos pouco profundos, xa que é preciso detectar ós peixes antes de lanzar a arte.

Este tipo de arte de pesca está ben documentada nos mosaicos romanos. Nun, procedente da vila romana de Casale en Piazza Armerina, aparece un cupido sobre unha barca en actitude de lanzar a rede. Outro, do Hipoxeo de Hermes en Hadrumetum, de finais do século II d. C., representa unha escena de pesca na que catro parellas de pescadores sobre catro barcos, nun mar cheo de peixes, pescan con diferentes artes; con canas, cunha especie de nasa para pescar polbos, e con esparavel ou chumbeira. Tamén formando parte dun mosaico co tema de Triunfo de Venus, de Kamissa, están representadas diferentes artes de pesca, executadas por pescadores espidos. Un pesca con cana, outro con arpón, mentres que nou-

tras dúas escenas se documenta a lanzada e recollida da chumbeira.

Exemplos de chumbeiras, conservadas en diferentes museos de antropoloxía como as utilizadas na actualidade, confirman o mantemento no tempo deste sistema tradicional, utilizando tipos de lastres moi semellantes aos atopados en xacementos arqueolóxicos. No libro *Parroquia de Velle*, de Cuevillas, Fernández Hermida e Xaquín Lorenzo, publicado polo Seminario de Estudos Gallegos no ano 1936, ao referirse ás artes de pesca que se utilizaban daquela nesta parroquia, próxima a Santomé, e no mesmo río Loña, onde, sen lugar a dúbidas, foron utilizados estes lastres, noméase a *chumbeira* entre as redes que se poden considerar de arrastre, xunto coa *barredeira* e a *sabadeira*. Recollen os autores que, neste río, collíanse troitas e peixes que tiñan sona de ser moi saborosos. Resulta difícil saber cales foron as especies pescadas con estes chumbos no seu momento.

A pesca nos ríos debeu ser unha práctica habitual na cultura castrexa, aínda que a penas teñamos testemuños debido ás poucas evidencias arqueolóxicas que deixa, polo que, nos xacementos do interior, resulta un recurso económico encuberto que é preciso ter presente no momento de valorar a subsistencia. Ademais destes chumbos, temos constancia doutros procedentes de achados casuais, no castro de Santa María de Mones, nas proximidades do río Sil, na comarca de Valdeorras.

No estudo dos restos de fauna de Santomé non se documentan peixes, pero si outros animais terrestres, que nos acercan á dieta alimenticia animal dos habitantes deste asentamento. Os restos óseos recuperados posibilitan asegurar que hai un predominio de gando vacún, seguido de ovellas, cabras e xabarís, con escasa importancia de porcos e aves.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

<http://www.musarqourense.xunta.es>
correo electrónico: mapour@xunta.es

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h
ininterrompido
domingo: 9.00 a 15.00 h
luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 20.00 h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



galicia

